

ACTIVIDADES DE REPASO DE 2º E 3º TRIMESTRE

UNIDADE 3: PAE

1. Indica se as seguintes afirmacións sobre o Proceso de atención de enfermmería son certas. Márcaa cunha x na casa que corresponda

	Verdadero	Falso
1. Os datos que se recollen sobre o estado de saúde do paciente na etapa de valoración do PAE obtéñense unicamente por entrevista clínica.		
2. O resultado da etapa de valoración debe recollerse nos documentos de enfermmería		
3. A etapa de diagnóstico do PAE ten como obxectivo poñer de manifesto os problemas de saúde do paciente, pero non os factores que contribúen a eles		
4. Será función do TCAE realizar o diagnóstico de enfermmería a un paciente		
5. Na etapa de planificación fíxanse os obxectivos para conseguir co PAE con respecto á saúde do paciente. Un requisito imprescindible deses obxectivos é que sexan realistas		
6. O plan de coidados elabórase na fase de planificación e recolle de forma ordenada e detallada as actividades de enfermmería encamiñadas a atender os problemas do paciente e conseguir a súa melloría		
7. Cando se realiza a avaliación sobre os resultados obtidos polo PAE nun paciente e vese que os obxectivos marcados non se conseguiron, a culpa é do paciente		
8. Os diagnósticos de enfermmería poden ser reais, de risco ou de saúde.		

2. Identifica a que fase do PAE pertencen os seguintes enunciados:

a. Poñer un aviso ao sacerdote do hospital para que acuda a visitar ao paciente (a pedimento do propio paciente)

- b. Dos tres obxectivos expostos só conseguíronse dous, polo que podemos dicir que se conseguiron un 66,6% dos obxectivos expostos.
- c. Presenta un aspecto limpo e aseado, con boa hidratación de pel e mucosas.
- d. Actividade realizada o día 12/11/24. Asinada por FMG e GHJ (equipo de enfermería)
- e. Déficit de actividades recreativas relacionado con hospitalización, tratamento frecuente de hemodiálisis e illamento respiratorio e manifestado por expresións.

3. Le o seguinte caso práctico e fai unha valoración por patróns funcionais:

Amable de 84 anos de idade, de raza branca, viúvo, actualmente vive coa súa filla María e dúas dos seus netos en Ourense. Ten dous fillos, María e Manuel, cos que mantén boa relación. Manuel vive en Madrid, pero todos os veráns Manuel vén velo xunto coas súas netas e a súa nora.

Amable foi diagnosticado dun tumor benigno de vexiga hai dous anos, tendo que ser intervido para unha RTU en 2025. Ademais sofre dislipemia desde hai anos, que se controla no seu centro de saúde. Segue tamén rigorosamente unha dieta baixa en lípidos, pero desde que a segue bota moito de menos o vaso de viño nas comidas. Lle gustan todos os alimentos e presenta bo apetito. Desde a última intervención bebe moito. En canto a hábitos de vida, fuma moito durante un tempo, pero deixouno hai 10 anos. Sempre foi un bo paciente, sabe que ten que coidarse e obedece as recomendacións para mellorar a súa saúde. Gústalle moito pasear e estar ao aire libre.

Na súa vida diaria usa prótese dental móbil, que trae ao hospital en boa hixiene. Utiliza tamén lentes para ler e escribir. Non presenta dificultades auditivas. Ao ingreso é válido para as actividades da vida diaria, e presenta unha gran mobilidade cunha marcha estable. Ten a pel hidratada e sen lesións. Cústalle bastante durmirse, e levántase pronto pola mañá. Adoita durmir ao redor de 6 horas cada día, pero é suficiente e cualifícao como reparador.

Amable ingresa na planta de Uroloxía onde traballas para realizar unha intervención cirúrxica programada debido a unha recidiva de cancro benigno vesical. Acode acompañado pola súa filla e neta. Amable presenta bo aspecto xeral. Boa presenza, pelo limpo, aseado e afeitado. Xunto coa enfermeira que está de quenda acudides á habitación para darlle a benvida, explicarlle as normas da unidade. Realizais a primeira exploración física e anotades os datos na historia clínica:

- *Peso: 59 kg*
- *Talla: 1,60 m*
- *TA: 150/80, FC: 60 lpm, Tª: 36,7*
- *FR: 17 rpm, sons respiratorios normais*

Ao ingreso móstrase preocupado pola frecuencia coa que se ten que operar e pensa que pode ser algo grave. A súa familia está pendente del en todo momento. Ademais nesta ocasión ouriña con restos de sangue, o que o alarmou moito. Durante o preoperatorio Amable móstrase

impaciente por marcharse o máis pronto posible a casa. Pregunta constantemente se tardará moito tempo en marcharse ou se será como a outra vez.

4. Fai unha búsqueda de posibles diagnósticos que se escribirían no PAE de Amable. Elixen un e escribo segundo a normativa xeral de diagnósticos

5. Que funcións terías que realizar como TCAE durante o ingreso de Amable? Cita alomenos 4 funcións.

UNIDADE 4: DOCUMENTACIÓN SANITARIA

1. Identifica os documentos que realizan as seguintes funcións e clasifícaaos como sanitarios ou non sanitarios e, dentro destes, segundo a súa subdivisión.
 - a. Informar os pacientes da clínica dental na que traballas como técnico, do peche temporal por reformas dos gabinetes.
 - b. Informar os familiares dos pacientes dun hospital das normas de comportamento que deben respectarse no centro.
 - c. Garantir a prestación de atención sanitaria ao seu titular en todo o territorio español.
 - d. Xustificar a ausencia dunha técnico auxiliar de clínica ao seu traballo por maternidade.
 - e. Solicitar o ingreso hospitalario dun paciente afectado dunha apendicitis aguda.
 - f. Solicitar transporte sanitario para un ancián dependente, que debe asistir a consulta no seu centro de saúde.
 - g. Solicitar, por parte do médico de Atención Primaria, a opinión dun urólogo sobre o diagnóstico dun paciente.
 - h. Comunicar a existencia dun caso de hepatite vírica á administración sanitaria.
 - i. Recoller as consultas que debe pasar o facultativo na súa xornada laboral.

- j. Mellorar a calidade da atención sanitaria prestada aos pacientes, a través das súas experiencias.
 - k. Solicitar vendas e sondas para a unidade hospitalaria na que traballas como técnico auxiliar de clínica.
2. Que é a estrutura SOAP?
 3. Fai unha lista das diferenzas entre a HCH e HCAP.
 4. Cales son os supostos para os que non se aplican a lei 41/2002 en materia de confidencialidade do persoal sanitario?

UNIDADE 5: ALMACÉNS SANITARIOS



1. Cales son as funcións dun almacén?
2. Que entendes por aprovisionamento?
3. Que tres modos coñeces para efectuar as compras para o aprovisionamento dun almacén?
4. Un almacén dunha planta dun hospital, de que tipo é?
5. Ese almacén é aberto ou pechado?

6. Cales son as prácticas correctas para o ben funcionamento dun almacén?

7. Que entendes por principio de Pareto?

8. Como aplicamos dito principio para a clasificación dos materiais?

9. Di o que quere dicir os seguintes pictogramas:



10. Que entendes por just in time?

11. Que entendes por stock activo?

12. Tes un stock de seguridade de 250 lancetas, e calculas que a demanda media diaria é de 56 lancetas. O proveedor tarda 5 días en entregar o pedido. ¿Cal é o punto de pedido?

13. Tes un produto no que o PP é de 950 unidades, o proveedor tarda 7 días en entregar o pedido, e a demanda media diaria é de 80 unidades. ¿Cal é o stock mínimo de dito produto?

14. Que tes que ter en conta para facer un inventario?

15. Que tipos de inventarios coñeces?

16. Nunha valoración de existencias, que quere dicir a valor final das existencias? E o valor dos costes?

17. É verdade que o calculo da valoración de existencias segundo FIFO, te da máis beneficios?

18. Por que non usas o LIFO para a valoración das existencias?

19. Na consulta de alergoloxía, compraron lancetas estériles:
- a. O 15 de xaneiro 260 unidades a 0,10 Euros a unidade
 - b. O 30 de Xaneiro 200 unidades a 0,20 Euros a unidade

En febreiro se consumen 150 unidades. Calcula o coste e a valoración final de existencias segundo o método FIFO e PMP.